

ADQUISICIÓN EQUIPAMENTO PARA CALOR-CAFE - PROGRAMA SISIFO

OBXECTIVO XERAL:

Atender as necesidades básicas de persoas drogodependentes en situación de emerxencia social, mediante a atención directa e personalizada, favorecendo medidas que eviten ou minimicen a exclusión social e sanitaria

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Detectar e avaliar as "poboacións ocultas".
- Atender as necesidades básicas detectadas.
- Facilitar o acceso e integración das persoas drogodependentes á rede asistencial a través dun traballo individualizado de motivación e derivación.
- Desenvolver actividades formativas con usuarios/as de drogas.
- Desenvolver actividades formativas para profesionais relacionados/as co ámbito das drogodependencias.
- Favorecer medidas que eviten ou minimicen a exclusión social e sanitaria de persoas con problemas de consumo de drogas.
- Promover e apoiar o desenvolvemento de accións conxuntamente con outras entidades ou programas para complementar a atención dispensada a estas persoas.
- Desenvolver unha función investigadora para un mellor coñecemento deste tipo de poboacións drogodependentes.

ACTIVIDADES:

Calor-café:

- Diagnóstico de necesidades de carácter psicolóxico, sanitario e social.
- Intercambio de material de inxección e dispensa de preservativos.
- Ofrecer información relativa a consumos de menos risco, venopunción segura, prevención de sobredose, sexo seguro, vías de infección e reinfección das enfermidades de maior prevalencia.
- Achegamento cara á rede asistencial
- Dispensa de alimentos, produtos de hixiene, roupa e calzado, etc. nun espazo destinado ao descanso. Disposición dun servizo de lavandería, e baños e duchas.
- Promoción de hábitos de relación social adecuados e normalizadores de hixiene, comportamento social, respecto aos demais, etc.
- Programa de autocontrol para reducir o consumo de substancias.

DESTINATARIOS/AS:

- Colectivos especialmente vulnerables pola súa condición de exclusión social.
- Poboación con perfil de exclusión social ou integrada no “circuíto de rúa”.
- Persoas reclusas que no momento da súa excarceración se atopan en situación de desprotección social.
- Poboación drogodependente con perfil de exclusión social no adscrita a tratamento.
- Poboación drogodependente con consumos en activo, independentemente de estar ou non adscritos a tratamento.

MATERIAL ADQUIRIDO:

- Material informático
- Mobiliario para oficina
- Mesas e cadeiras para o Servizo de calor-café

LUGAR:

FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN
Barrio de las Flores
R/ Azahar, Bloque 48, Portal 10-baixo
15008 A CORUÑA